

**Asunto: Fraccionamento da excedencia para o coidado de fillos, fillas e familiares ao cargo.**

Recentemente foron recibidas nesta Dirección Xeral diversas consultas sobre a posibilidade de gozar de forma fraccionada a excedencia para coidado de fillos, fillas e familiares ao cargo regulada no artigo 89.4 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril) e no artigo 57.4 do texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia (Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo).

Esta posibilidade de fraccionamento xa figura incorporada á normativa laboral no artigo 46.3 do Estatuto dos Traballadores, tras a modificación operada pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así pois, para os efectos de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, esta Dirección Xeral dita a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

Dentro do prazo máximo por persoa causante establecido polo artigo 57.4 do texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, o persoal funcionario e estatutario poderá gozar de forma fraccionada a excedencia para coidado de fillos, fillas e familiares ao cargo.

Unha vez ditada a resolución inicial de excedencia por persoa causante, o goce da mesma poderá realizarse por períodos mínimos de 1 mes, debendo transcorrer alomenos 1 mes desde o reingreso do anterior período ata o inicio do seguinte.

Calquera reingreso ou inicio dun novo período de excedencia deberán ser comunicados á institución de destino cunha antelación mínima de 15 días respecto ao día da súa efectividade.

**Santiago de Compostela, ... de xuño de 2014.**  
**A directora xeral de Recursos Humanos**

**Margarita Prado Vaamonde**

